



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DE DIFERENTES ACTUACIÓNS DOCUMENTAIS E DE MELLORA DE EFICIENCIA TÉCNICA, NOS CENTROS EDUCATIVOS DAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS, DEPENDENTES DA XUNTA DE GALICIA.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de marzo de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización de diferentes actuacións documentais e de mellora e eficacia técnica nas edificacións, instalacións e equipamentos educativos públicos, competencia da Xunta de Galicia, nas catro provincias galegas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

Na necesidade de investigar e avanzar no desenvolvemento de documentos de apoio sobre o estado dos centros escolares, para a súa posterior aplicación práctica no parque edificado de infraestrutura docente de Galicia, co obxecto da súa utilización, pola propia Consellería e toda a comunidade educativa de Galicia, e polo tanto, por toda a sociedade galega en xeral, mellorando e documentando polo miúdo, o estado actual dos centros educativos galegos e así, programar de mellor forma as obras e eficiencia técnica destas,





de acordo coa Lei estatal 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración urbana, e o RD 235/2013, do 25 de abril, sobre procedemento para obtención da certificación enerxéticas para edificios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

